

O Presidente do Consorcio Casco Vello de Vigo, por Decreto de 12 de setembro de 2008, resolveu:

“PRIMEIRO: Aprobar a adjudicación provisional da contratación polo procedemento negociado sen publicidade para a redacción do proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde, xeotécnico, e de telecomunicación visado, necesarios para a rehabilitación dos inmobles sitos en **San Sebastián 4 e Subida ó Castelo 5 e 7** a **JAVIER FRANCO/VICENTE PINTOS, ARQUITECTOS S.L.**, con CIF B36866432 e domicilio en rúa Porto Rico, 17-2º dereita, 36.204-Vigo, nas condicións indicadas na súa proposta e por importe de 40.355,34 € mais o IVE de 6.456,86 euros, o que fai un total de **CORENTA E SEIS MIL OITOCENTOS DOCE EUROS CON VINTE CENTIMOS** (46.812,20€) por considerar que é a oferta é máis ventaxosa para os intereses do Consorcio Casco vello de Vigo.

O adjudicatario provisional, **no prazo de 15 días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación da adjudicación provisional no perfil do contratista, deberá aportar a documentación a que se refire a cláusula 10.6 do prego de cláusulas administrativas que rexe o presente procedemento.

SEGUNDO: Ordear a práctica de notificación da presente resolución a todos os licitadores, así como os trámites previstos no Prego de Clausulas Administrativas Particulares para a continuación do expediente conducente a adopción da resolución definitiva que proceda. Que se faga pública a resolución de adjudicación provisional no perfil do contratista do Consorcio Casco Vello de Vigo, de acordo coa lexislación aplicable”.

O que se fai público no perfil do contratista do Consorcio Casco Vello de Vigo o día 12-09-2008 para coñecemento xeral.